

### **CRONOLOXÍA DA RECLAMA DE ADEGA PARA A DECLARACIÓN DA COVA EIRÓS COMO BIC**

- **Xullo 2009:** ADEGA e a Asociación cultural O Iribio piden por primeira vez diante da D.X. de Patrimonio Cultural da Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza a declaración da Cova Eirós como BIC. **NON HOUBO RESPOSTA DA XUNTA.**
- **Maio 2012:** ADEGA e O Iribio reiteran na consellaría a solicitude de declaración de BIC. **NON HOUBO RESPOSTA DA XUNTA.**
- **Xullo 2012:** ADEGA consegue o apoio unánime da Deputación provincial de Lugo para instar á Xunta a declarar BIC a Cova Eirós.
- **Outubro 2014:** ADEGA presenta denuncia ante a Fiscalía pola retirada da capa vexetal que cubre o teito da Cova ata os 50 metros do xacemento, e por poñer en risco a súa conservación. A Fiscalía orde a paralizar ditas obras sobre o xacemento.
- **Outubro 2014:** ADEGA reitera a solicitude de incoación de expediente para a declaración da Cova Eirós como BIC. **NON HOUBO RESPOSTA DA XUNTA.**
- **Outubro 2014:** O BNG presenta pregunta no Parlamento galego a instancias de ADEGA sobre as intencións da Xunta de declarar a Cova como BIC.
- **Novembro 2014:** A D.X. de Patrimonio Cultural ratifica que informou favorablemente á legalización da explotación mineira e que tamén autorizou a intervención da mineira sobre o teito do xacemento da Cova. **Non se pronuncia sobre a súa declaración como BIC.**
- **Decembro 2014:** ADEGA insta ao Valedor do Pobo a interceder para obrigar a Xunta a responder ás nosas solicitudes. O Valedor abre as dilixencias oportunas.
- **Marzo 2015:** ADEGA solicita á Consellaría de Industria copia do novo Plan de Explotación da canteira e do informe para dotar de licenza urbanística a canteira “Don Isidro nº 6043”. Industria, surrealmente, traslada esta petición á empresa mineira sen que tampouco esta atenda a nosa solicitude.
- **Abril 2015:** O Valedor do Pobo insta á Xunta a responder á solicitude de ADEGA. **NON HOUBO RESPOSTA DA XUNTA.**
- **Maio 2015:** ADEGA publica informe solicitado ao arqueólogo Francisco Hervés, no que se insta a establecer un perímetro mínimo de protección do xacemento de 200 metros.
- **Maio 2015:** O valedor do Pobo reitera a Xunta a necesidade de dar resposta á solicitude de ADEGA sobre incoación de expediente BIC. **NON HOUBO RESPOSTA DA XUNTA.**
- **Xullo 2015:** O valedor do Pobo reitera á Xunta a necesidade de dar resposta á solicitude de ADEGA sobre incoación de expediente BIC e ameaza con incluír o asunto no seu Informe Anual. **NON HOUBO RESPOSTA DA XUNTA.**
- **Outubro 2015:** Videoconferencia con Votorantim, a multinacional mineira propietaria dos terreos.
- **Decembro 2015:** ADEGA presenta nova solicitude de declaración de BIC ante a D. X. De Patrimonio Cultural. **NON HOUBO RESPOSTA DA XUNTA.**
- **Xaneiro 2016:** Visita do Dr. Clayton Lino (colaborador de Votorantim) a Galiza.
- **Abril 2016:** ADEGA presenta recurso de alzada ante a Consellaría de Cultura e dálle un ultimátum para incoar o expediente BIC antes de acudir aos tribunais. **NON HOUBO RESPOSTA DA XUNTA.**
- **Xuño 2016:** Participación de ADEGA nas xornadas do Consello da Cultura sobre a Cova Eirós.
- **Xullo 2016:** ADEGA presenta recurso contencioso- administrativo nos Xulgados de Santiago contra a D.X. de Patrimonio Cultural por non ter incoado expediente BIC.
- **Novembro 2016:** O Grupo Parlamentario do BNG presenta, a instancias de ADEGA, pregunta parlamentaria e proposición non de lei para instar a declarar como BIC a Cova Eirós.
- **Marzo 2017:** A Consellaría de Cultura responde á pregunta parlamentaria do BNG que a Cova Eirós xa ten consideración de BIC por imperativo legal e que está traballando na súa delimitación; pero **aínda non menciona a súa intención de incoar expediente para tal declaración. A XUNTA RECOÑECE POR PRIMEIRA VEZ A CONSIDERACIÓN DA COVA EIRÓS COMO BIC POR IMPERATIVO LEGAL. AÍNDA ASÍ SEGUE SEN CONTESTAR ÁS REITERADAS SOLICITUDES DE ADEGA DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE PARA FORMALIZAR A SÚA DECLARACIÓN COMO BIC.**
- **10 Abril 2017:** A D.X. de Patrimonio Cultural resolve incoar expediente BIC para a Cova Eirós.
- **18 Abril 2017:** O letrado da Xunta contesta á demanda de ADEGA, indicando a perda sobrevida do obxecto do recurso, dado que a Xunta vén de incoar expediente BIC. **PRIMEIRA VEZ EN OITO ANOS QUE A XUNTA RECOÑECE A LEXITIMIDADE DAS PRETENSÍONS DE ADEGA.**
- **25 Abril 2017:** O Xulgado notifica a ADEGA a proposta de arquivo do caso.